



SEMINARIO

“Conflitividade social na Idade Moderna”

DOCENTE: Rubén Castro Redondo

DATAS E HORARIOS:

- 18 e 19 de febreiro de 10h a 12h
- 20 de febreiro de 10h a 14h (Visita ao Arquivo Histórico Provincial de Lugo).

LUGAR: Por determinar

Prezo da matrícula:

- Alumnado do Diploma Senior IV Ciclo: **24 €**
- Externos ao programa: **28,24 € + 20,69 Seguro de accidentes (O seguro de accidentes abonarase unha vez por curso académico)**

Prazo de matrícula: Desde o 9 de xaneiro ata o 3 de febreiro.

A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual no seguinte enlace.

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividad.asp?IdActividad=14323>

O mínimo de estudiantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

INTRODUCIÓN

O seminario terá por obxecto reflexionar sobre a conflitivididade social que caracterizou á sociedade do Antigo Réxime, combinando o apartado teórico sobre historia dos conflitos en sociedades tradicionais (precapitalistas) e achegando un apartado práctico, que se desenvolverá con documentación histórica orixinal no Arquivo Histórico Provincial de Lugo. (AHPL)

OBXECTIVOS

1. Acheñarse ó estudo da conflitivididade social propia das sociedades precontemporáneas
2. Reflexionar historiograficamente sobre a maneira en que se estudaron os conflitos sociais pola Historia, a Socioloxía, a Filosofía e a Antropoloxía
3. Coñece-los caracteres básicos e a tipoloxía xeral dos conflitos sociais cotidianos na Galicia do Antigo Réxime
4. Coñecer de primeira man conflitos reais que se documentaron nestas sociedades tradicionais, para o cal se accederá ós fondos documentais conservados no Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL)

CONTIDOS

Os contidos básicos que se tratarán son os seguintes:

1. Historiografía da conflitivididade social
2. A terminoloxía da conflitivididade
3. Os conflitos sociais habituais nas sociedades tradicionais
4. Conflitivididade cotiá na Galicia Moderna

5. O estudo dun conflito en particular: práctica titorizada polo propio coordinador da actividade no AHPL.

METODOLOXÍA

A metodoloxía será mixta: por un lado, unha primeira parte teórica acerca do estudo dos conflitos sociais por parte das disciplinas humanísticas e sociais, así como da tipoloxía e expresión dos conflitos más comúns e abundantes nas sociedades precontemporáneas, e especialmente na galega. Isto levarase a cabo no primeiro día do seminario, na Facultade de Humanidades da USC (4h); por outra banda, esta actividade ten un fondo sentido práctico, pois o segundo dos días a actividade desenvolverase no AHPL, para acceder de primeira man á documentación histórica real sobre conflitos conservada nos preitos de dito acervo, achegándose á dificultade que entraña o estudo deste fenómeno histórico. Isto levarase a cabo no segundo día do seminario, na Sala de Consulta do AHPL.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

CASTRO REDONDO, R. (2016), Entre colmos, rebolas edobres varas de medir. Conflitos por medidas na Galicia Moderna, Premio de Investigación Ferro Couselo, Valga, Concello de Valga.

DUBERT GARCÍA, I. (1992), Historia de la familia en Galicia durante la época moderna, 1550-1830: estructura, modelos hereditarios y conflictividad, Sada, Ediciós do Castro.

FORTEA PÉREZ, J. I., GELABERT, J. E., MANTECÓN MOVELLÁN, T. A. (2002), Furor et rabies: violencia, conflicto y marginación en la Edad Moderna, Santander, Universidad de Cantabria.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J. M. (1997), Bouzas y otros juzgados gallegos del siglo XVIII. Lla conflictividat judicial ordinaria en la Galicia Atlántica (1670-1820), Vigo, Instituto de Estudios Vigueses.

IGLESIAS ESTEPA, R. (2007), Crimen, criminales y reos, Gijón, Nigratrea, 2007.

KAGAN, R. L. (1991), Pleitos y pleiteantes en Castilla (1500-1700), Junta de Castilla y León: Consejería de Cultura y Turismo.

KULA, W. (1970), Las medidas y los hombres, Madrid, Ed. Siglo XXI.

REY CASTELAO, O. (1993), El voto de Santiago. Claves de un conflicto, Santiago de Compostela, s. n.

REY CASTELAO, O., CASTRO REDONDO, R., FERNÁNDEZ CORTIZO, C. (2018), La vida inquieta. Conflictos sociales en la Edad Moderna, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

REY CASTELAO, O. (2023) (coord.), Conflictos y resistencias en la Edad Moderna. De los hechos a las palabras, Alvarellos.

RUDÉ, G. (2009), La multitud en la historia: los disturbios populares en Francia e Inglaterra, 1730-1848, Siglo XXI.

SCOTT, J. (2003), Los dominados y el arte de la resistencia, Tafalla.

THOMPSON, E. P. (1995), Costumbres en común. Barcelona, Crítica.

TILLY, C. (1993), Las revoluciones europeas, 1492-1992, Barcelona, Crítica.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. (2013). Demarcacións, topónimos, papeis, memoria: sobre a división e o control do territorio na Galicia moderna. A Coruña: Real Academia Galega.

VILLARES PAZ, J. R., DÍAZ-CASTROVERDE, J. I. (1997), O conflicto foral nos séculos XVII e XVIII, Xunta de Galicia.